



life
fluvial

LIFE16 NAT/ES/000771



Acción E.2. Programa de divulgación e sensibilización

boletín nº3

decembro 2020

MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE
DOS CORREDORES FLUVIAIS
DA REXIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA



avances nas accións de restauración.....	4
actuacións na Lagoa do Rei.....	4
actuacións nos enclaves do río Miño.....	5
actuacións no corredor Ría de Ribadeo-Ría do Eo.....	6
actuacións na cunca media do río Eo.....	7
actuacións nas lagoas de Arnao e Villadún.....	9
actuacións no LIC río Lima	10
actuacións na ZEC Betanzos-Mandeo.....	12
actuacións na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre.....	13
comunicación e difusión.....	14
caderno de campo.....	14
audiovisual.....	15
o xogo da gota.....	16
exposición itinerante	17
web LIFE Fluvial e redes sociais.....	18
divulgación e sensibilización.....	19
talleres escolares no concello de Arteixo.....	19
talleres escolares no concello da Coruña.....	20
talleres escolares no concello de Bergondo.....	21
talleres escolares no concello de Betanzos.....	22
talleres escolares no concello de Cambre	23
talleres escolares no concello de Oleiros.....	24
de Xira coa Ciencia.....	24
apoio online á divulgación escolar	25
espazo televisivo infantil do proxecto	25
xornada de voluntariado na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre.....	26
xornada de voluntariado na área recreativa da lagoa de Arnao.....	27
seminario técnico sobre recuperación ambiental de humidais.....	28
xornadas de difusión especializada sobre especies exóticas invasoras	29

a Gran Historia da Auga.....	30
día da Rede Natura 2000	31
VIII congreso da Sociedade Ibérica de Ictiología.....	33
maridar Sada.....	33
visitas técnicas control de especies exóticas.....	34
LIFE Fluvial na reunión do órgano de participación da Reserva de Biosfera Terras do Miño.....	34
LIFE Fluvial networking.....	35
XX congreso da Asociación Ibérica de Limnología.....	38
LIFE Fluvial en EsAsturias TV.....	38
eopolis, un modelo sostible de futuro.....	39
encontro nacional de ecoloxía.....	39
XX semana da ciencia e a tecnoloxía da Universidade de Oviedo.....	40
EDUNOVATIC 2020.....	40
xornadas de difusión especializada sobre corredores fluviais.....	41
reunións de coordinación.....	42
visita de seguimento NEEMO-IDOM.....	42
reunión de coordinación en Lugo.....	43
comisións de seguimento.....	44
2ª comisión de seguimento en Asturias.....	44
2ª comisión de seguimento en Galicia.....	44



lifefluvial

avances nas accións de restauración

actuacións na Lagoa do Rei

Tralos traballos de eliminación de exóticas e adecuación topográfica do bordo lagunar, o proxecto acometeu a súa derradeira fase na Lagoa do Rei, consistente na restauración dos hábitats naturais mediante plantación das súas especies características (*Salix atrocinerea*, *Quercus robur*, *Fraxinus excelsior*, *Betula celtiberica*, *Acer pseudoplatanus*, *Corylus avellana*, etc.). Con elo promóvese a mellora do estado de conservación do hábitat 91E0* e créanse as condicións ideais para conseguir a restauración do ecosistema lagunar e dos seus ecotonos asociados. Tamén se executou o control de rebrote das especies invasoras.



Finalmente, o proxecto procedeu a executar unha serie de medidas e instalación de dispositivos de control do uso público na lagoa, seguindo as indicacións do Servizo Provincial de Patrimonio Natural de Lugo (Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Xunta de Galicia), como entidade competente en materia de Rede Natura 2000, e do Centro Educativo Santo Anxo da Garda de Rábade (Consellería de Política Social, Xunta de Galicia), en calidade do centro adxacente que no pasado tivo xestionado estes terreos. Deste modo, a actuación levada a cabo por LIFE Fluvial en A Lagoa do Rei xerou numerosas sinerxías cos axentes implicados na conservación e xestión



de ditos terreos, ademais dos beneficios ambientais propostos como obxectivo do proxecto LIFE.

actuacións nos enclaves do río Miño

Dado que durante os anos 2018 e 2019 se tiñan desenvolvido a práctica totalidade dos traballos previstos, ao longo de 2020 levouse a cabo o control das escasas especies invasoras que tiñan rebrotado (*Eucalyptus* sp., *Robinia pseudoacacia*) nos tramos obxecto da acción, complementado por unha plantación de reforzo con especies características do hábitat 91E0* (*Salix atrocinerea*, *Fraxinus excelsior*, *Betula celtiberica*, *Acer pseudoplatanus*) para conseguir unha mellor restauración das condicións naturais inherentes a dito tipo de hábitat. Deste modo, a actuación tense revelado tremendamente exitosa en termos de impacto superficial e condicións próximas á naturalidade, sobre todo tendo en conta que esta acción localizouse nos tramos fluviais de maior valor de conservación do NW Ibérico, pola riqueza de hábitats e especies albergadas, así como pola súa conectividade co complexo de humidaís da Terra Chá.




actuacións no corredor Ría de Ribadeo- Ría do Eo

Nos primeiros meses do ano 2020 continuouse coa primeira fase das plantacións de especies arbóreas típicas do bosque de ribeira e das carballeiras galaico-portuguesas, tarefa iniciada no outono de 2019.

A partir da primavera retomouse a eliminación de especies exóticas e invasoras en varias zonas de actuación do bordo do esteiro de Ribadeo, máis concretamente elimináronse individuos de piñeiro (*Pinus pinaster*), arbusto das bolboretas (*Buddleja davidii*), sempreviva (*Helichrysum petiolare*), plumeiro da pampa (*Cortaderia selloana*), senecio oloroso (*Delawarea odorata*), etc. Tamén se eliminaron individuos e rebrotes de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e acacia (*Acacia melanoxylon*) dos individuos tallados o ano anterior. Durante os meses de verano completouse esta fase da actuación coa talla dos eucaliptos presentes na beira asturiana da ría na contorna das poboacións de Miou e Louteiro (Vegadeo).

De xeito simultáneo, estase a levar a cabo un ensaio experimental, nun enclave próximo ao muiño de As Aceas (Ribadeo), para o control dos rebrotes de *Eucalyptus globulus* con diferentes metodoloxías como a aplicación de salmoira ou a cubrición con plástico, que, de momento, está a dar bos resultados. A súa finalización está prevista para o 2021.

Finalmente, a segunda fase das plantacións con especies autóctonas foi completada nos derradeiros meses do ano. En total plantáronse máis de 5.800 esgallos de salgueiro e arredor de 16.000 plantóns de freixo, pradairo, carballo e bidueiro. Esta acción ten permitido a mellora de algo máis de 4 ha de hábitat 91E0* e 1 ha de 9230 e incrementará en 11 ha a superficie de ditos hábitats.



actuacións na cunca media do río Eo

Na primavera do 2020 retomáronse as actuacións desta acción coa plantación de especies típicas do bosque de ribeira en todos os enclaves nos que se tiña intervido previamente. Así mesmo, levouse a cabo a segunda fase de eliminación de especies exóticas e invasoras que permitiu repasar algunhas das xa eliminadas anteriormente como crocosmia (*Crocasmia × crocosmiiflora*), senecio oloroso (*Delairea odorata*) e amor de home (*Tradescantia fluminensis*) e retirar outras como juncia olorosa (*Cyperus eragostis*), herba carmín (*Phytolacca americana*), eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e loureiro romano (*Prunus laurocerasus*). Tamén, elimináronse novos individuos e cepas rebrotadas dos tallados o ano anterior de choupo híbrido (*Populus × canadensis*), sanxoanín (*Ligustrum ovalifolium*) e acacia negra (*Acacia melanoxylon*).

No mes de setembro levouse a cabo a actuación de bioenxeñería prevista para a estabilización dunha beira na área recreativa do Fondón en Vilaboa (A Pontenova). Con ela logrouse mitigar o proceso erosivo e a conseguinte perda de solo, o que, á súa vez, ten favorecido os labores de restauración forestal da ribeira.

Ao longo do paseo fluvial de San Tirso de Abres, incluído no ámbito territorial desta acción, instaláronse 12 carteis identificativos das especies características do bosque de ribeira. Neles se amosa a información básica de cada especie, así como un código QR que enlaza a unha web con información máis detallada da mesma.

Durante o outono de 2020, concluíuse a acción coa segunda fase das plantacións, que ten aportado en total, máis de 2.400 esgallos de salgueiro e máis de 400 plantóns de freixo, pradairo e carballo ao bosque de ribeira. Estas actuacións permitiron a mellora do estado de conservación do hábitat 91E0* en case 10 ha e o incremento da superficie deste hábitat en máis de 1,5 ha.



Persoal do INDUROT levou a cabo ao longo do ano 18 visitas técnicas ás zonas de actuación da cunca do Eo para o control e seguimento das actuacións executadas por TRAGSA.

Durante as mesmas, realizáronse ademais inventarios fitosociolóxicos da flora presente que, xunto con outros indicadores, permitirán avaliar a repercusión das accións de restauración sobre o estado de conservación dos hábitats.



No mes de xuño, leváronse a cabo visitas aos enclaves de actuación de A Pontenova e San Tirso de Abres, acompañados polos alcaldes e persoal de ámbolos dous concellos e por axentes ambientais da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, para por de manifesto a importancia da conservación do hábitat 91E0* e os traballos realizados no marco do proxecto.



actuacións nas lagoas de Arnao e Villadún

Xa pasou máis dun ano dende que finalizaron os traballos de mellora do estado de conservación das Lagoas de Arnao e Villadún (Castropol) (ZEC/ZEPA ES1200016 Ría do Eo) e empézanse a notar os resultados da recuperación ambiental. En primeiro lugar, a presenza de especies exóticas nas lagoas como piñeiros, chopos híbridos, salgueiros choróns e calas, ten diminuído notablemente, permitindo ás especies autóctonas recuperar terreo, mellorando o estado dos hábitats destes humedais. En segundo lugar, as plantacións de salgueiros cincentos, freixos, bidueiros e pradairos seguen a medrar e permitirán, unha vez chegadas á madurez, establecer unha continuidade coas lagoas. Durante o ano 2020 fixéronse algúns labores de reposición de marras, eliminación dos tubos protectores e clareo en torno ás plantas novas máis pequenas. Ademais, realizouse un estudo para o correcto emprazamento dun observatorio de aves na Lagoa de Villadún, que se instalará a principios de 2021.



actuacións no LIC río Lima

Na contorna do río Estorãos, afluente do río Lima, téñense realizado as seguintes tarefas para a conservación de amieirais pantanosos:

Identificación, xeorreferenciación e etiquetado de amieiros sintomáticos, asintomáticos e mortos para o seguimento do desenvolvemento da enfermidade causada polo patóxeno *Phytophthora alni*, e para unha posterior talla selectiva de árbores mortas.

Entre agosto e setembro de 2020 foron eliminadas as especies exóticas con potencial invasor en dúas parcelas de 7,7 ha mediante a talla e extracción de eucaliptos (*Eucalyptus* spp.) e o descortizado de troncos ou arrinque manual de acacia negra (*Acacia melanoxylon*). A esta superficie hai que engadir a executada en setembro de 2019 (2,7 ha), polo que en total elimináronse especies exóticas en 10,4 ha (3,9 veces máis á superficie inicialmente prevista).

Para a realización da restauración activa do hábitat 91E0* foron seleccionados e marcados 42 individuos de salgueiro (*Salix atrocinerea*) para esgallo destinado á plantación en 4,5 ha da área onde se tiña realizado o corte e extracción de eucaliptos en 2020. Igualmente levouse a cabo a planificación da plantación e se ten realizado unha preparación preliminar do terreo coa identificación das parcelas onde será executada a plantación.

A restauración pasiva incluíu o mantemento e seguimento de cercados instalados en dúas áreas con características diferentes, co fin de avaliar a influencia do pastoreo e das prácticas culturais na rexeneración e supervivencia das especies características do hábitat e empregar os resultados deste seguimento para promover a súa conservación e recuperación.



Continuouse o traballo de monitoraxe das accións de conservación do hábitat 91E0*, sendo posible obter resultados preliminares que apuntan a unha alta mortalidade (98,4%) de acacias (*Acacia dealbata* e *A. melanoxylon*) aproximadamente un ano despois do descortizado do tronco e un vigor vexetativo nulo ou moi baixo dos rebrotes de *Eucalyptus camaldulensis* cortados en setembro de 2019 (verificado na metade dos tocos analizados). Sen embargo, é importante vixiar os enclaves de actuación durante os vindeiros anos para controlar a rexeneración vexetativa e por semente de *Acacia* spp. e *Eucalyptus* spp., co fin de poder intervir cando se xustifique.



Tocos de *Eucalyptus camaldulensis* 1 ano despois do corte.

← Sen gromos

Con gromos de moi baixo vigor vexetativo →



Rexeneración vexetativa 1 ano despois do corte.

← *Acacia dealbata*

Acacia melanoxylon →



actuacións na ZEC Betanzos-Mandeo

O proxecto atópase na actualidade finalizando a eliminación de flora invasora na marxe esquerda da Ría de Betanzos, dentro de terreos do concello de Bergondo, coa finalidade da restauración dos hábitats naturais do enclave.

Na primeira fase dos traballos foron retirados 48 individuos de plumeiro da Pampa, algún dos cales superaba os 900 kg de peso, para un total de máis de 40.000 kg de biomasa. Acompañando aos plumeiros teñen sido retiradas outras especies de flora invasora que contribuían a causar unha afección negativa ao ecosistema fluvioestuarino: 40 pés de *Populus × canadensis*, 25 individuos de *Tamarix gallica*, 10 pies de *Platanus × hybrida*, 10 pés de *Eucalyptus globulus*, e máis de 1.000 metros cadrados ocupados por *Crocsmia × crocosmiiflora*.

A eliminación e control das especies exóticas invasoras foi complementada coa retirada dos restos das instalacións deportivas e materiais alleos á ZEC presentes na área. Tanto esta tipoloxía de restos como a totalidade da biomasa retirada foron trasladadas a un xestor de residuos autorizado.

Unha vez finalizadas as fases anteriores, iniciáronse os traballos previos de restauración do bosque aluvial, consistentes na realización de correccións topográficas e na planificación das tarefas de repoboación da cuberta vexetal con especies autóctonas como *Fraxinus excelsior*, *Laurus nobilis*, *Acer pseudoplatanus* e *Betula celtiberica*.



Retirada de especies exóticas invasoras. Retirada de refugallo 

Visita institucional á zona de actuación 

 Integración na marisma da zona recuperada



actuacións na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre

As actuacións na ZEC ES1110004 Encoro de Abegondo-Cecebre, intentan contribuír a mitigar a expansión de especies exóticas invasoras en medios clave para a conservación da biodiversidade, actuando tanto sobre especies que lograron xa expandirse no espazo, buscando reducir os seus efectivos poboacionais, e sobre outras cuxa difusión é moito máis reducida pero non por iso menos preocupante. As técnicas de eliminación realízanse trala identificación das distintas especies, actuando selectivamente, individuo a individuo, e sempre respectando a vexetación nativa. Os procesos de eliminación das especies exóticas realízanse manualmente, salvo para a retirada de grandes plantas, como as especies arbóreas ou os plumeiros da Pampa (*Cortaderia selloana*), que chegan a alcanzar máis de 900 kg de peso; nestes casos utilízanse medios mecánicos para a retirada dos fustes ou para o arranque dos plumeiros. En ningún caso LIFE Fluvial recorre ao uso de herbicidas, ao desenvolverse en espazos fráxiles da Rede Natura 2000 con ecosistemas de elevada vulnerabilidade e de carácter prioritario.



← Traballos previos e eliminación de especies exóticas invasoras



← Reacondicionamento de observatorios de aves e instalación de panel explicativo


↓ ZEC Embalse Abegondo-Cecebre



comunicación e difusión

caderno de campo

A redacción, deseño, edición e impresión do caderno de campo de LIFE Fluvial intégrase no marco das actuacións de comunicación e difusión do proxecto. A súa finalidade é a de recoller información técnica e divulgativa sobre os obxectivos e valores do proxecto, baixo un soporte cómodo e resistente para a súa utilización en xornadas de divulgación e capacitación ou en traballos de campo, permitindo simultaneamente a consulta de información e a toma de notas.



Editáronse un total de 360 exemplares en 3 idiomas (castelán, galego e portugués) para a difusión do proxecto.

Esta actuación de difusión foi desenvolvida por la Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos co asesoramento científico das tres universidades participantes no proxecto.



audiovisual

No mes de agosto iniciáronse os traballos de campo dirixidos á realización dun audiovisual divulgador sobre os aspectos clave do proxecto. O resultado final, previsto para o primeiro trimestre de 2021, comprenderá 2 pezas de vídeo; unha delas en formato de vídeo de divulgación de 10-15 minutos estilo reportaxe-documental e, a outra, en formato spot RRSS dunha duración aproximada de 2-3 minutos. En ámbolos dous casos, tanto locucións como subtítulos editaranse en catro idiomas (castelán, galego, portugués e inglés).



o xogo da gota

Ao longo de 2020, o socio EMALCSA desenvolveu un xogo web interactivo (www.oxogodagota.es) dentro do marco das actuacións do proxecto dirixidas á comunidade educativa.

A dinámica de xogo, que discorre sobre un taboleiro no que se representan algunhas das zonas de actuación de LIFE Fluvial, consiste na formulación de preguntas ou retos con opcións de resposta, contando ademais con audiovisuais divulgativos dalgunhas das temáticas principais do proxecto.

Os contidos están organizados en bloques de cultura, medio ambiente e específicos de LIFE Fluvial, sempre relacionados cos valores promocionados polo proxecto.

Ademais de EMALCSA, teñen colaborado activamente na elaboración de contidos o IBADER e a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Polo momento soamente está dispoñible nun idioma (galego) e conta con dous taboleiros: cunca do Mero-Barcés e cunca alta do Miño.



exposición itinerante


A exposición itinerante reflexa os aspectos máis significativos do proxecto LIFE Fluvial de maneira divulgativa, coa finalidade de chegar, así, a un público o máis amplo e diverso posible.



↑↓ Real Instituto de Estudios Asturianos. RIDEA
(Oviedo, Asturias); 14/10/20 - 30/10/20



↑↓ Centro de Interpretação Ambiental das Lagoas de Bertandos e São Pedro d'Arcos
(Ponte de Lima, Portugal); 09/11/20 - 12/02/21



web LIFE Fluvial e redes sociais



Durante o ano 2020 se teñen aportado máis contidos á web, publicando máis de 40 noticias relacionadas co proxecto, fóronse difundindo os eventos celebrados durante este período e se subiron novos documentos ao apartado de produtos, relacionados coas accións finalizadas e as actuacións realizadas. Así mesmo, creouse un novo apartado para xogos dende onde se pode acceder ao Xogo da gota e outro dedicado á produción audiovisual, que contén as gravacións relacionadas con xornadas de difusión do proxecto, aparicións en televisións autonómicas e outros materiais elaborados para talleres ou congresos realizados on-line.

	Seguidores	Post/tweets	Mencións	Interaccións	Alcance
Twitter	882	217	293	5.736	224.500
Instagram	468	32	---	617	4.905
Facebook	363	73	---	1.100	22.848
Youtube	---	11	---	---	518
Páxina web	---	---	---	---	10.775
TOTAL	1.713	333	293	7.453	263.546



Facebook, Twitter e Instagram teñen sido actualizadas de forma continua coas principais noticias e eventos relacionadas co proxecto e os corredores fluviais. Ademais, no ano 2020, creouse dentro do canal de Youtube do INDURROT, unha lista de reprodución que permite acceder directamente aos vídeos nos que está implicado o proxecto.



divulgación e sensibilización

talleres escolares no concello de Arteixo

En febreiro de 2020, a Asociación Mariñas-Betanzos, en colaboración con EMALCSA, organizou dous talleres, desenvolvidos no CEIP San Xosé Obreiro.

Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
06/02/2020	CEIP San Xosé Obreiro	5º primaria	23	Ciclo da auga
06/02/2020	CEIP San Xosé Obreiro	6º primaria	28	Ciclo da auga
Total talleres:	2	Total alumnado:	51	

Os contidos didácticos versaron sobre a auga na Terra, o ciclo da auga tanto a nivel de natureza como no ámbito do consumo humano, así como consellos para un uso responsable a nivel doméstico.

As explicacións complementáronse con dinámicas de xogo e cuestións a debater entre o alumnado. O xogo simula un recorrido da auga na área metropolitana da Coruña dentro das cuncas hidrográficas dos ríos Mero e Barcés, cuxas augas abastecen ao encoro de Cecebre (ZEC ES1140004 Encoro de Abegondo-Cecebre).



talleres escolares no concello da Coruña

No concello da Coruña, dende a Asociación Mariñas-Betanzos, en colaboración con EMALCSA, organizáronse un total de 16 talleres educativos entre os meses de xaneiro e febreiro de 2020.

Os obxectivos estiveron centrados fundamentalmente nun dos principais valores de sensibilización enmarcados no LIFE Fluvial, como é o ciclo da auga e a súa importancia no medio. Informouse ademais sobre os principais valores promulgados polo proxecto e sobre as áreas Natura 2000 do entorno.



Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
22/01/2020	CEIP Sanjurjo Carricarte	5ª primaria	27	Ciclo da auga
22/01/2020	CEIP Sanjurjo Carricarte	6ª primaria	25	Ciclo da auga
27/01/2020	CEIP Alborada	5ª primaria	26	Ciclo da auga
27/01/2020	CEIP Alborada	5ª primaria	27	Ciclo da auga
27/01/2020	CEIP Alborada	5ª primaria	24	Ciclo da auga
28/01/2020	CEIP Alborada	6ª primaria	26	Ciclo da auga
28/01/2020	CEIP Alborada	6ª primaria	25	Ciclo da auga
28/01/2020	CEIP Alborada	6ª primaria	24	Ciclo da auga
04/02/2020	CEIP Emilia Pardo Bazán	6ª primaria	25	Ciclo da auga
04/02/2020	CEIP Emilia Pardo Bazán	6ª primaria	26	Ciclo da auga
04/02/2020	CEIP Emilia Pardo Bazán	6ª primaria	26	Ciclo da auga
05/02/2020	Santo Domingo FESD	5ª primaria	25	Ciclo da auga
05/02/2020	Santo Domingo FESD	5ª primaria	27	Ciclo da auga
11/02/2020	CEIP Emilia Pardo Bazán	5ª primaria	25	Ciclo da auga
11/02/2020	CEIP Emilia Pardo Bazán	5ª primaria	25	Ciclo da auga
11/02/2020	CEIP Emilia Pardo Bazán	5ª primaria	25	Ciclo da auga
Total talleres:		16	Total alumnado:	408



Os contidos dos talleres centráronse na protección da auga e o seu uso responsable, así como na conservación dos corredores fluviais como conectores de auga, fauna e flora. Para elo utilizouse unha dinámica de preguntas e respostas utilizando un taboleiro de xogo.



talleres escolares no concello de Bergondo

En febreiro de 2020, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos realizou un taller no CPI Cruz do Sar de Bergondo.

Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
20/02/2020	CPI Cruz do Sar	1º primaria	31	Debuxo de natureza
Total talleres:	1	Total alumnado:	31	

O desenvolvemento do taller iniciouse cunha presentación institucional por parte da alcaldesa de Bergondo, para a continuación ofrecer ao alumnado unha breve charla sobre os principais valores a ter en conta para preservar a flora e a fauna dos corredores fluviais. A actividade principal da xornada consistiu na aprendizaxe de prácticas de debuxo sobre natureza impartido polo artista local Suso Cubeiro. As nenas e nenos participantes tiveron ocasión de demostrar as súas habilidades coas súas propias creacións.



talleres escolares no concello de Betanzos

Durante o mes de xaneiro, a Asociación Mariñas-Betanzos organizou e desenvolveu dous talleres no CEIP Francisco Vales Villamarín.

Os obxectivos estiveron centrados no río Mandeo, incluído na ZEC Betanzos-Mandeo, unha das zonas de actuación de LIFE Fluvial. Tratáronse temáticas sobre o curso fluvial, os seus valores naturais e culturais, flora e fauna, así como dinámicas de aproveitamentos sostibles.



Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
17/01/2020	CEIP F. Vales Villamarín	3º primaria	120	Coñece o río Mandeo
24/01/2020	CEIP F. Vales Villamarín	4º primaria	124	Coñece o río Mandeo
Total talleres:	2	Total alumnado:	244	



talleres escolares no concello de Cambre

En febreiro de 2020, a Asociación Mariñas-Betanzos, en colaboración con EMALCSA, organizou catro talleres, desenvolvidos nos CEIP Portofaro e CEIP Gonzalo Torrente Ballester, ámbolos dous en Cambre.

Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
07/02/2020	CEIP Portofaro	5ª primaria	26	Ciclo da auga
07/02/2020	CEIP Portofaro	5ª primaria	26	Ciclo da auga
19/02/2020	CEIP G.Torrente Ballester	5ª primaria	21	Ciclo da auga
19/02/2020	CEIP G.Torrente Ballester	6ª primaria	17	Ciclo da auga
Total talleres:		4	Total alumnado:	90

Os contidos didácticos versaron sobre a auga na Terra, o ciclo da auga tanto a nivel de natureza como no ámbito do consumo humano así como consellos para un uso responsable a nivel doméstico.

As explicacións complementáronse con dinámicas de xogo e cuestións a debater entre o alumnado. O xogo simula un recorrido da auga na área metropolitana da Coruña dentro das cuncas hidrográficas dos ríos Mero e Barcés, cuxas augas abastecen o encoro de Cecebre (ZEC ES1140004 Encoro de Abegondo-Cecebre).



talleres escolares no concello de Oleiros

En febreiro de 2020 desenvolvéronse no CEIP Ramón del Valle Inclán do concello de Oleiros (A Coruña) seis talleres sobre o ciclo da auga, combinando as explicacións teóricas e resolución de dúbidas cun xogo de taboleiro para que o alumnado aprendera xogando e competindo.



Data	Centro	Curso	Alumnado	Temática
12/02/2020	CEIP R. del Valle Inclán	6ª primaria	25	Ciclo da auga
12/02/2020	CEIP R. del Valle Inclán	6ª primaria	26	Ciclo da auga
12/02/2020	CEIP R. del Valle Inclán	6ª primaria	25	Ciclo da auga
14/02/2020	CEIP R. del Valle Inclán	5ª primaria	22	Ciclo da auga
14/02/2020	CEIP R. del Valle Inclán	5ª primaria	22	Ciclo da auga
14/02/2020	CEIP R. del Valle Inclán	5ª primaria	22	Ciclo da auga
Total talleres:		6	Total alumnado:	142

de Xira coa Ciencia

Dentro das actividades de difusión sobre corredores fluviais, o 22 de xaneiro visitouse o CPEB Carlos Bousoño, en Boal (Asturias), no marco do programa de charlas De Xira coa Ciencia, da Universidade de Oviedo.

No mesmo, o profesor Antonio Torralba (INDUROT, Universidade de Oviedo), expuxo cuestións relacionadas cos corredores fluviais e as especies alóctonas e invasoras, nunha charla para o alumnado de Educación Secundaria (43 estudantes) e outra máis lúdica para o de Educación Primaria (40 estudantes).



apoio online á divulgación escolar

O 14 de marzo de 2020 publícase o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Ante o peche dos centros escolares, unha parte significativa das actividades escolares presenciais e programadas pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos tiveron que ser suspendidas.

Co obxecto de seguir ofrecendo cobertura educativa en materia ambiental, desde a Asociación adaptáronse os contidos dispoñibles e xeráronse outros novos para o acompañamento telemático do curso lectivo 2020-2021 ata o mes de xuño de 2020.

Para elo, en colaboración co profesorado dos distintos centros, empregouse a plataforma Google Classroom.



espazo televisivo infantil do proxecto

A raíz do taller escolar desenvolvido con data de 20 de outubro de 2019 no CEIP Terra Chá, en Lugo, apoiado por persoal técnico do IBADER e da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, realizouse a gravación dun episodio da serie "BraulioTuber" da Televisión de Galicia.

No mes de xullo de 2020 comezou a emisión televisiva de dita gravación, a cal é reposta de maneira periódica na televisión autonómica de Galicia, estando ademais dispoñible na web do ente (<http://www.crtvg.es/infantil/programas/braulio-tuber>).



xornada de voluntariado na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre

Desenvolvida o 29 de febreiro de 2020, para a convocatoria desta xornada contouse coa colaboración do proxecto LIFE Evergreen with volunteers, LIFE Lewo (LIFE16 ESC/ES/000001), coordinado dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O obxectivo centrouse na eliminación manual, mediante arranque, da especie invasora herbácea *Erigeron canadensis*.



Persoal do IBADER proporcionou información sobre o proxecto e a ZEC, así como sobre a problemática que representan as especies exóticas invasoras e unha breve formación sobre como recoñecer a *Conyza canadensis* e o método de retirada con seguridade.

Contouse ademais coa colaboración do persoal da Asociación Mariñas-Betanzos, de EMALCSA e de TRAGSA, encargada esta última do traslado a xestor autorizado de residuos do material retirado.

En total foron retirados 4,5 m³ de material vexetal cun peso aproximado de 250 kg.



xornada de voluntariado na área recreativa da lagoa de Arnao

A xornada de voluntariado tivo lugar o día 11 de xuño de 2020 na área recreativa da lagoa de Arnao (Castropol, Asturias). Promovida polo INDURROT, coa colaboración das asociacións InterEo e Mariñas-Betanzos, o obxectivo foi a retirada da planta invasora *Arctotheca calendula*, chamada comunmente margarida do Cabo ou margarida africana. Esta planta introduciuse como planta ornamental e agora atópase ben adaptada ao clima costeiro do Cantábrico.



Despois de 2 horas de traballo manual, recolleuse case un metro cúbico de margarida do Cabo, xunto con pequenas poboacións moi localizadas doutras especies alóctonas como o pitósporo (*Pittosporum tobira*) e algunha plántula de chopo canadense (*Populus × canadensis*), que o persoal de TRAGSA procesou para a súa eliminación.

A continuación, procedeuse á sementeira de especies herbáceas autóctonas para competir coas plantas invasoras e deter a súa expansión. Máis concretamente sementáronse sementes de especies pioneiras de pasteiros autóctonos con certificación ecolóxica, entre as que destacan o trevo (*Trifolium* spp.), a malva (*Malva moschata*), lingua de ovella (*Plantago lanceolata*) e numerosas especies de gramíneas, entre elas *Arrhenatherum elatius* subsp. *bulbosum*.




seminario técnico sobre recuperación ambiental de humidais

Dado que todos os tipos de humidais de Ramsar presentes en Europa se corresponden con tipos de hábitat de interese comunitario, e son parte esencial da Rede Natura 2000, desde LIFE Fluvial celebrouse o 30 de xaneiro o Día Mundial dos Humidais 2020, baixo o lema “Humidais e Biodiversidade”, a través da organización deste seminario técnico, desenvolvido nas instalacións de EMALCSA e coa colaboración na organización da Asociación Mariñas-Betanzos.

O seminario técnico especializado contou cun total de 30 asistentes, con perfiles profesionais heteroxéneos, pero sempre vinculados ao ámbito medioambiental.

Presentáronse nove relatorios ao longo do día, dous dos cales correspondíanse a sellos proxectos LIFE (LIFE Tremedal e LIFE Convive).



xornadas de difusión especializada sobre especies exóticas invasoras

Organizadas polos socios INDUROT e InterEo, realizáronse ao longo do ano catro xornadas especializadas centradas na problemática das especies exóticas invasoras.



↑ I Xornada

(Telemática; 06/05/2020)

Promoción do coñecemento das especies exóticas e invasoras: afeccións ao medio natural e estratexias de manexo



↑ II Xornada

(Telemática; 22/05/2020)

Promoción do coñecemento das especies exóticas e invasoras: afeccións ao medio natural e estratexias de manexo

↓ III Xornada

(Local de reunións do Concello de San Tirso de Abres; 10/06/2020)

Presentación do proxecto LIFE Fluvial aos veciños da localidade.

Principais especies exóticas presentes no entorno



↓ IV Xornada

(Casa da Xuventude de Ribadeo; 30/06/2020)

Presentación do proxecto LIFE Fluvial aos veciños da localidade.

Principais especies exóticas presentes no entorno



a Gran Historia da Auga

O proxecto LIFE Fluvial estivo presente nas aulas de extensión universitaria da Universidade de Oviedo, concretamente dentro da Aula de Extensión sobre A Gran Historia da Auga, na que se analizaban os conceptos básicos do enfoque da Gran Historia no estudo da auga. O principal obxectivo perseguido é o da integración do coñecemento científico, facendo especial énfase na fragilidade dos sistemas complexos nas condicións necesarias para manter dita fragilidade.

El río como corredor fluvial

El corredor fluvial no se limita al cauce mojado del río en estiaje, sino que abarca el conjunto del territorio fluvial, incluyendo la vegetación de ribera y el espacio que ocupan las aguas durante las crecidas, junto con la cubierta vegetal asociada.

FUNCIONES:

- ✓ Suministro de agua
- ✓ Reservorio de biodiversidad
- ✓ Movilidad de las especies
- ✓ Conectores territorios y ecosistemas
- ✓ Aporte de sedimentos y nutrientes a la costa

life fluvial
UNIVERSIDAD DE OVIEDO

Deste xeito, o 1 de maio de 2020, Antonio Torralba Burrial, do INDURROT (Universidade de Oviedo), expuxo a conferencia Ecoloxía acuática e seres humanos, amosando o papel integrador do concepto de corredores fluviais neste tratamento holístico da auga.

día da Rede Natura 2000

O 21 de maio, día europeo da Rede Natura 2000, dende a Asociación InterEo, promoveuse a colocación de bandeiras co logotipo da Rede nos balcóns das catorce Casas dos Concellos que conforman a Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón. A iniciativa foi levada a cabo con éxito en todos os consistorios e logrou dar visibilidade á celebración deste día, nunha comarca que posúe seis espazos Natura 2000.



Para os máis pequenos, elaborouse un contacontos en formato de vídeo de “Os Bolechas van polo Río” e despois os nenos e nenas realizaron unha serie de debuxos relacionados cos corredores fluviais. Ademais, uníronse ao lema do Día da Rede Natura “o simple bater de ás dunha bolboreta pode cambiar o mundo”.

Os máis maiores puideron gozar dunha presentación relacionada coas especies exóticas e invasoras e logo facer un “challenge” a través de Kahoot.

Finalmente, alumnos e alumnas do CRA Ría do Eo e do CP Jovellanos decoraron as súas ventás e balcóns co logo da Rede Natura 2000.



Por outra parte, dende a Asociación Mariñas-Betanzos, ese mesmo día levouse a cabo un taller de pintura tematizado nas instalacións de ASPACE CORUÑA, no concello de Sada. ASPACE é unha entidade pioneira en Galicia en atención integral ás persoas con parálise cerebral que traballa para a mellora da súa calidade de vida e das súas familias.



VIII congreso da Sociedade Ibérica de Ictioloxía

Pilar García, xestora técnica do LIFE Fluvial, interveu no Taller Redes de traballo de proxectos europeos sobre EEL, presentando o proxecto e remarcando a importancia dos corredores fluviais como reservorio de biodiversidade, de amortecemento de enchentes e subministro de auga, entre outros servizos. O taller virtual, impulsado polo proxecto LIFE Invasaqua, deu voz a moitos expertos internacionais de diferentes proxectos de mellora de hábitats e de loita contra as especies exóticas invasoras en ambientes mariños e de augas continentais.

Os relatores e os asistentes intercambiaron valiosas experiencias e opinións que serán de suma importancia á hora de actuar en cada un dos proxectos vixentes e nos que seguirán.



maridar Sada

LIFE Fluvial tivo presenza na feira gastronómica Maridar Sada, durante os días 11, 12 e 13 de setembro, nos que a Asociación Mariñas-Betanzos dispuxo dun stand no que se realizou divulgación do proxecto.



visitas técnicas control de especies exóticas

Nos meses de xullo e setembro, dende o IBADER leváronse a cabo sendas visitas técnicas en torno á restauración de corredores fluviais e humedais así como o control de especies exóticas.



← Humedais do Miño e o Mandeo

→ Humedais da Ría de Ribadeo



LIFE Fluvial na reunión do órgano de participación da Reserva de Biosfera Terras do Miño

O día 17 de decembro de 2020, o proxecto LIFE Fluvial, da man do IBADER, presentou no salón de actos da Deputación de Lugo as actuacións realizadas nas zonas núcleo da Reserva de Biosfera Terras do Miño.



O evento estivo organizado polo órgano xestor da Reserva de Biosfera Terras do Miño – Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo.

LIFE Fluvial networking

Ao longo de 2020, LIFE Fluvial ten estado presente en xornadas e presentacións doutros proxectos LIFE, tales como LIFE Convive e LIFE Stop Cortaderia, tendo participado ademais como poñente a través do IBADER na xornada de Boas Prácticas para o control de *Cortaderia selloana*, celebrada o 16 de decembro de 2020.



↑ Xornada final CONVIVE LIFE
(Telemática; 24/09/2020)

Conexión online dende o auditorio do Instituto de Hidráulica Ambiental da Universidade de Cantabria



↑ 3ª reunión do grupo de traballo LIFE Stop Cortaderia
(Telemática; 28/10/2020)

Conexión online dende a Escola Superior Agrária de Coimbra, Portugal

↓ Presentación pública europea da Estratexia Transnacional de Loita contra
Cortaderia selloana (LIFE Stop Cortaderia)
(Telemática; 27/11/2020)
Retransmisión en streaming



LIFE16 NAT/ES/000771
Boletín nº3. Decembro 2020



Noutra orde, recibíuse o interese por parte do Departamento de augas superficiais da Presidencia de Gießen no estado de Hessen, Alemania, por coñecer de primeira man as técnicas de restauración ambiental empregadas no proxecto LIFE Fluvial.

→ Visita do corredor fluvial do río Eo. Xullo de 2020.



No mes de xullo, técnicos do INDURROT visitaron con Lorena Royo Álvarez, inspectora ambiental de dito departamento, o corredor fluvial do río Eo, ofrecendo así a oportunidade de intercambiar valiosa información sobre restauración ambiental de ríos, xestión de espazos protexidos e divulgación dos valores ambientais.



O 17 de febreiro, o IBADER reuniuse co equipo LIFE Alnus, para resaltar as sinerxías entre ámbolos dous proxectos en base a que posúen estratexias moi parellas á hora de alcanzar os obxectivos ambientais, se ben cada un propón medidas adaptadas ás condicións atlánticas (LIFE Fluvial) e mediterráneas (LIFE Alnus) dos seus respectivos ámbitos territoriais. A visita non puido ser máis proveitosa, indicando a necesidade de repetir o contacto entre os dous proxectos e continuar co intercambio de experiencias, xerando un maior coñecemento sobre as mellores prácticas para o fomento da conectividade dos corredores fluviais e a mellora do estado de conservación dos seus compoñentes clave.

← Xornada de intercambio de experiencias entre LIFE FLUVIAL e LIFE ALNUS.
Visita de IBADER ao Centro de Ciencia e tecnoloxía Forestal de Cataluña (CTFC).
(Lleida. Febreiro de 2020).



O proxecto LIFE Fluvial persegue ofrecer un marco no que se facilite e promova o intercambio de boas prácticas e experiencias, así como o traballo colaborativo fomentando a replicabilidade e transferibilidade dos seus resultados a outros proxectos e institucións. A eliminación do plumeiro da pampa (*Cortaderia selloana*) por LIFE Fluvial nos espazos Natura 2000 da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo facilitou un entorno ideal para o fomento das sinerxías e desenvolvemento de actividades colaborativas que contribúen á mellora do coñecemento e o desenvolvemento de capacidades coa entidade concesionaria da autopista AP-9, Audasa, para realizar o control desta especie exótica invasora na zona de influencia do trazado de dita infraestrutura viaria.



Deste modo, o 18 de novembro de 2020 organizouse unha xornada de networking na que os socios de LIFE Fluvial (IBADER, ADR Mariñas-Betanzos, TRAGSA, EMALCSA) implicados no control do plumeiro executado polo proxecto transferiron os resultados obtidos ao persoal de Audasa encargado do mantemento da infraestrutura viaria.

Subliñouse de forma unánime o rexeite ao emprego de control químico (herbicidas), fundamentalmente polos efectos negativos sobre o medio ambiente, en especial no entorno de espazos de elevada fragilidade como son os corredores fluviais en Rede Natura 2000, razón pola cal LIFE Fluvial ten rexeitado o seu emprego no proxecto.

XX congreso da Asociación Ibérica de Limnoloxía



O 26 de outubro o Proxecto LIFE Fluvial participou no XX CONGRESO DA ASOCIACIÓN IBERICA DE LIMNOLOXÍA (AIL-2020) que se celebrou en concomitancia do III CONGRESO IBEROAMERICANO DE LIMNOLOXÍA (CIL-2020). O evento celebrouse por vía telemática nos días 26-29 de outubro ao son do lema “Limnoloxía nun mundo en cambio”.

Mauro Sanna, técnico do INDUROT, participou na sesión especial (SS11) EU Projects Workshop: exchanging experience in IAS management and awareness (Workshop de proxectos europeos: intercambiando experiencias de xestión sobre as Especies Exóticas Invasoras) expoñendo a presentación titulada LIFE Fluvial: Results after three years of alluvial forest restoration in the Eo River (NW of Iberian Peninsula).

LIFE Fluvial en EsAsturias TV

Jesús Valderrábano, coordinador da área de Recursos Naturais e Conservación Vexetal do INDUROT (Universidade de Oviedo) e membro do equipo LIFE Fluvial, participou o 14 de outubro no programa Magazine Y... de EsAsturias.TV dentro da sección INDUROT medio ambiente. A entrevista estivo centrada nos corredores fluviais atlánticos e a súa importancia.



eopolis, un modelo sostible de futuro

Con data de 16 de decembro de 2020, o proxecto LIFE Fluvial, a través de Pilar García e María Fernández do INDUROT (Universidade de Oviedo), estivo presente na Reunión levada a cabo polo IES Elisa e Luis Villamil de Vegadeo na que participaron varias institucións e axentes da comarca Oscos-Eo.

O compendio de necesidades recollidas será considerado para perfilar, redirixir e/ou complementar o Proxecto de Centro que será levado a cabo no Instituto o presente curso.

A partir das informacións recollidas no curso pasado na reunión correspondente, o centro implementou o Proxecto “Eopolis, un modelo sostible de futuro”, un marco teórico que permita desenvolver as diversas propostas educativas compatibles co coñecemento, desenvolvemento e mellora do entorno comarcal.



encontro nacional de ecoloxía

O proxecto LIFE Fluvial estivo representado por Paulo Monteiro e Patricia María Rodríguez González (CEF/ISA, Universidade de Lisboa) no *XIX Encontro Nacional de Ecologia e Celebração dos 25 anos da SPECO* (Sociedade Portuguesa de Ecoloxía) que tivo lugar *online* entre o 09 e o 12/12/2020 a través das plataformas ZOOM e Slack, no que Paulo Monteiro presentou unha comunicación oral o 10/12/2020 titulada “Avaliação de ações de restauro ecológico de amieais paludosos em Portugal no âmbito do projeto LIFE Fluvial”.



Os principais temas abordados foron os seguintes: o proxecto LIFE Fluvial; metodoloxías adoptadas na avaliación dos efectos do control e eliminación de especies exóticas leñosas invasoras; resultados preliminares despois do descortizado do tronco de acacias (*Acacia dealbata* y *A. melanoxylon*) e o corte de *Eucalyptus camaldulensis*.

XX semana da ciencia e a tecnoloxía da Universidade de Oviedo

A finais de novembro, celebrouse de maneira virtual a XX semana da ciencia e a tecnoloxía da Universidade de Oviedo. Dentro da actividade “Día da Ciencia no meu colexio”, o 25 de novembro falouse do proxecto LIFE Fluvial mediante a charla específica “Cambiamos eucaliptos por ameneirais y carballeiras: mellorando os corredores fluviais atlánticos co LIFE Fluvial”, adaptada ao seu desenvolvemento telemático para alumnado de Educación Primaria dos colexios C.P. Reconquista (Cangas de Onís, CRA La Coruña (Ceceda) e C. Dulce Nombre de Jesús (Oviedo).



A actividade foi realizada desde o INDUROT (Universidade de Oviedo) polo profesor Antonio Torralba Burrial.

EDUNOVATIC 2020

O proxecto LIFE Fluvial participou no EDUNOVATIC 2020 (V Congreso Virtual Internacional de Educación, Innovación e TIC), celebrado o 10 e 11 de decembro.



Antonio Torralba, do INDUROT (Universidade de Oviedo), participou presentando a comunicación sobre o deseño e aplicación dun xogo de memoria como recurso didáctico para a aprendizaxe lúdica sobre corredores fluviais, xogo co que o proxecto LIFE Fluvial ten realizado numerosas actividades de educación ambiental nestes anos.

xornadas de difusión especializada sobre corredores fluviais

Ao longo do mes de novembro de 2020, organizadas polos socios INDUROT e InterEo, celebráronse de xeito telemático un conxunto de tres xornadas de difusión especializada en torno á temática “Os Corredores Fluviais da Rexión Atlántica Ibérica”, dirixidas a axentes interesados tanto de ámbito local como rexional.

Os contidos principais tratados foron: marco legal, os corredores como recurso natural, os servizos ecosistémicos, factores de ameaza, desterrando mitos e o proxecto LIFE Fluvial.



← 1ª Xornada Corredores Fluviais
(Telemática; 04/11/2020)



← 2ª Xornada Corredores Fluviais
(Telemática; 11/11/2020)



← 3ª Xornada Corredores Fluviais
(Telemática; 18/11/2020)



reunións de coordinación

visita de seguimento NEEMO-IDOM

Os días 9 e 10 de setembro de 2020 tivo lugar a III Reunión de monitorización de LIFE Fluvial. A representante de IDOM, Itxaso Mora, realizou en primeiro lugar unha revisión administrativa do proxecto, a cal foi realizada de maneira telemática, dadas las circunstancias derivadas da situación sanitaria, cos distintos socios do proxecto.

Posteriormente visitáronse en grupos reducidos algunhas das zonas de actuación co obxecto de avaliar o progreso das accións concretas de conservación: Rábade (acción C7), Guitiriz (acción C6), Bergondo (acción C4), Cecebre (acción C5), Ribadeo (acciones B1 y C1), Vegadeo (acción C1) e Castropol (acción C3).



reunión de coordinación en Lugo

O 21 de xaneiro de 2020 celebrouse unha reunión de coordinación do partenariado do proxecto nas instalacións do IBADER, en Lugo. A pandemia COVID-19 obrigou a que o resto das reunións do ano 2020 se realizasen de maneira telemática (12/05/2020; 26/11/2020; 22/12/2020).



comisións de seguimento

2ª comisión de seguimento en Asturias

O 2 de decembro de 2020 celebrouse o 2º Comité de Seguimento do proxecto LIFE Fluvial en Asturias. Organizado polo INDUROT (Universidade de Oviedo). O encontro, de dúas horas de duración, realizouse vía Microsoft Teams, debido ás actuais medidas vixentes orixinadas pola COVID-19.



O acto contou con representantes das administracións implicadas no ámbito dos corredores fluviais da Rede Natura 2000 (Ministerio de Transición Ecolóxica, Confederación Hidrográfica do Cantábrico, Demarcación de Costas, Goberno do Principado de Asturias e concellos implicados nas accións do proxecto).

2ª comisión de seguimento en Galicia

De maneira análoga, o 3 de decembro de 2020 levouse a cabo a 2ª Comisión de Seguimento en Galicia, organizada e coordinada polos socios IBADER, ADR Mariñas-Betanzos e EMALCSA. Esta Comisión serviu para realizar un seguimento das accións que se desenvolven no proxecto, aportando un punto de vista externo e máis amplo sobre os avances do mesmo. Para elo foron invitados á reunión todos os organismos estatais e autonómicos con competencias en materia de conservación de corredores fluviais da Rede Natura 2000, así como o resto de axentes implicados na xestión dos corredores fluviais (entidades locais, organizacións sen ánimo de lucro, universidades e centros de investigacións, outros proxectos europeos, etc.).





life
fluvial

LIFE16 NAT/ES/000771



boletín nº3

decembro 2020



socios / partners / parceiros